

De Ártico a Dragona

Armando Requeixo

Xavier Queipo figura entre o más escolleito da narrativa galega dos últimos anos. Agora que se publica un seu novo libro, *Dragona*, botando a vista atrás fican case vinte anos de obra singular coa que foi gañando un lugar propio nas nosas letras.

Dende a nacenza mesma de *Ártico e outros mares* (1990), a primeira obra do escritor, Queipo deixou asentadas as trabes mestras do seu particular mundo literario, como se ese libro orixe fose o centro dunha espiral creativa que logo abriría os brazos durante estes anos desenvolvendo as posibilidades que daquela latexaban larvariamente.

Así, ao longo deste tempo o autor foi cultivando o gusto pola temática mareira (dende as apracibles praias caribeñas ata os fríos glaciares nórdicos), a ambientación cosmopolita (igual Mumbai ca Vietnam, o mesmo Compostela cá illa de Ceilán), o xogo diarístico (máis ou menos ficcionalizado, segundo os casos), as difusas fronteiras entre o ensaísmo divulgativo e o relato de ficción científica (retroaliamentando cos seus saberes de biólogo e médico moitas das súas páxinas supostamente fantásticas), os esforzos por lograr unha dicción poética nos períodos, as características e numerosas notas a rodapé (inevitable marca da casa, que explican aquí ou acolá termos infrecuentes ou especializados), o fagocitar metaliterario (en citas, homenaxes, revisitacións)...

Despois virían os versos (con diversos poemarios publicados), as fatigas de tradutor do inglés (Joseph Conrad) e francés (Amin Maalouf e Hervé Guivert), as obras infantoxuvenís (*O espello e o dragón*), e a articulística varia (sobre temas de actualidade e pensamento literario).

Porque son abondosos os grandes ríos que alimentan o fluír desta corrente literaria do autor da Porta dos Mariños. Velaí a xinea dos aventureiros con Salgari, London ou Stevenson á cabeza, mais tamén co escuro e moi admirado Conrad, as preferentes lecturas de Borges e Cavafis ou Manuel Antonio, o recendo desolador de Sábato e ainda o pulso omníreflexivo de Saramago. Compañeiros todos de viaxe que dialogan coa obra dun Queipo versátil, capaz tanto de asolagarnos nun narrar exotizante ancorado no Caribe, na Campuchea ghmer, Hong-Kong ou a China e o Xapón imperiais (*Malaria sentimental*, *Os ciclos do bambú*, *Ringside...*) como de profundar nas ocultas razóns do íntimo nunha traxedia moderna de épica cega (*Papaventos*).

A contracorrente, inconformista e autoesixente, a escrita de Xavier Queipo abre sempre espazos para a reflexión.